tempo morto, levaremos a cabo unhas rutinas de chegada e fin de clase, entre as que destacan os hábitos de aseo na parte final. Seguidamente, cómpre falar dos estilos de ensino empregados, estes serán, seguindo ao DECRETO 155/2022, estilos activos que impliquen cognoscitivamente ao alumnado, polo que os principais estilos que empregaremos serán o descubrimento guiado e a resolución de problemas, ambos combinados coa libre exploración, sobre todo como medio de potenciar a creatividade e coñecer a realidade motriz do alumando, e a asignación de tarefas, cando precisemos certa estruturación. A maiores é necesario salientar unha serie de orientacións metodolóxicas que guiarán esta programación: - Partir do nivel de coñecementos e destrezas motoras previas do alumnado. - Realizar unha aprendizaxe individualizada e centrada no alumnado. - Ter en conta as motivacións do alumnado. - Adaptar todas as actividades as posibles necesidades particulares do alumnado. Xa por último, un dos recursos metodolóxicos fundamentais desta programación é a gamificación, utilizarase unha temática gamificada como fío condutor de todas as unidades didácticas da programación que ten por obxectivo activar e manter a motivación do alumnado, á vez que servirá para favorecer o desenvolvemento de aspectos motrices, sociais, emocionais e cognitivos dos nenos e nenas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais convencionais: pelotas, cordas, colchonetas, zancos, picas....
Materiais non convencionais: chapas, pedras, botellas de plástico, caixas de cartón...
Material informático e audiovisual: proxector, altofalantes, ordenador e equipo de música.
Materiais audiovisuais: pósteres, CDs, DVDs, recursos na rede...
Instalacións: patio exterior e ximnasio.

É necesario recalcar que tanto a diversidade dos/as alumnos/as como a diversidade de contidos da área obriga a súa vez á diversidade de materiais empregados, buscando sempre a maior adaptación posible ao mesmos. Partindo disto temos que, ao longo desta programación primarán os materias deportivos convencionais, pero non quedará limitada ao mesmo, senón que para aproveitar a potencialidade dos recursos utilizaremos tamén este tipo de material de forma non convencional e, á vez, empregaremos material non convencional, informático e audiovisual. Tamén serán moi importantes os materiais de elaboración propia, sobre todo relacionados coa temática gamificada. En canto ás instalacións as sesións de Educación Física levaranse a cabo no ximnasio en maior medida e cando sexa posible, por cuestións climatolóxicas e de funcionamento de centro, utilizaremos tamén o patio exterior.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establece que se deberá realizar unha sesión de avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ó alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.

Seguindo esta indicación na área de Educación Física realizaremos unha avaliación inicial xeral durante as primeiras sesións do curso, esta avaliación terá por obxectivo coñecer o nivel global do alumnado, tanto en aspectos motrices xerais, como en aspectos sociais. A maiores, para concretar un pouco máis, ao inicio de cada unidade didáctica realizarase unha avaliación inicial máis concreta relativa aos contidos específicos desa unidade.

Destacar que, debido ao carácter flexible da programación, en función dos resultados da avaliación inicial, no caso de ser necesario modificaremos as sesións programadas para adaptalas ás necesidades detectadas no alumnado, este cambio realizarase nos aspectos organizativos da sesión sen afectar aos elementos prescriptivos do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	12	10	10	11	10	10	12	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

Segundo o establecido na lexislación vixente realizaremos unha avaliación global, continua e formativa, que terá como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da área os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, segundo a súa distribución e organización nas 10 unidades didácticas desta programación.

Deberanse usar técnicas e instrumentos variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, procurando facer unha valoración o máis obxectiva posible de todo o alumnado, atendendo a isto utilizaremos:

- Un rexistro anecdótico, que se cubrirá en situacións específicas das sesións e recollerá calquera elemento a destacar.
- Rúbricas de cada UD, centradas nos criterios de avaliación do currículo.
- Probas de execución, en certas UD realizaranse probas específicas para obter datos obxectivos puros de aspectos de práctica motriz.
- Escalas de valoración, para determinar o nivel no que se atopa cada alumno/a en relación aos criterios e competencias.

A maiores tamén é necesario concretar o peso de cada criterio nas diferentes unidades e na avaliación de cada trimestre. Neste sentido en cada UD contamos con criterios específicos relacionados con contidos motrices máis específicos de cada unidade e tamén con criterios comúns, que fan referencia a hábitos de práctica de actividade física, aspectos comportamentais e hábitos sociais, que son compartidos en todas as unidades. Neste sentido esta diferenciación de criterios terá un peso diferente na avaliación, así pois:

- Criterios motrices específicos da UD: 40% do total.
- Criterios comúns relacionados con hábitos e comportamento: 60% do total.

Criterios de recuperación:

O carácter global e dinámico da nosa área e o feito de que a maioría de contidos se atopen interrelacionados entre eles e á vez moitos outros se compartan ao longo de todas as unidades didácticas facilita a posible recuperación dos criterios de avaliación non acadados. Así pois, no caso de que un alumno ou alumna non acade unha avaliación positiva dun determinado criterio, este poderá recuperarse na seguinte unidade, tendo en conta o carácter continuo da avaliación, non sendo necesario a aplicación de medidas específicas para esta recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade é un dos piares fundamentais da lexislación vixente e moi necesaria para poder adaptar a educación á realidade de cada neno e nena. Seguindo a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; na área de Educación Física atenderemos á totalidade do alumnado, priorizando as atencións individuais e tendo en conta as súas características, necesidades e motivacións.

Así pois, xa centrados nas medidas a adotar na programación, tal e como recolle a lexislación priorizaremos as medidas ordinarias de atención á diversidade, entre as que destacamos:

- Adaptar o material utilizado.
- Utilizar diferentes roles dentro dunha mesma tarefa.
- Modificar os espazos e tempos de cada tarefa.
- Utilizar apoios, ben materiais ou humanos, para realizar as tarefas.
- Priorizar actividades cooperativas nas que o alumnado poda axudarse mutuamente.

No caso de que estas medidas non sexan suficientes valorarase cada caso en particular e, en coordinación co equipo docente, estudarase e propoñerase iniciar medidas extraordinarias como unha Adaptación Curricular.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET1. Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET2. Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET3. Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET4. Competencia Dixital	X			X	X			X
ET.5 - ET5. Fomento da creatividade.			X	X		X	X	X
ET.6 - ET6. Emprendemento.		X						X
ET.7 - ET7. Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET8. Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET9. Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X						X	X
ET.10 - ET10. Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - ET11. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - ET12. Pluridade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.13 - ET13. Respecto pola diversidade afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - ET1. Comprensión lectora.	X	X
ET.2 - ET2. Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - ET3. Comunicación audiovisual.	X	X
ET.4 - ET4. Competencia Dixital	X	
ET.5 - ET5. Fomento da creatividade.		X
ET.6 - ET6. Emprendemento.		X
ET.7 - ET7. Igualdade entre mulleres e homes.	X	X
ET.8 - ET8. Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X
ET.9 - ET9. Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.		X
ET.10 - ET10. Educación para a saúde.	X	X
ET.11 - ET11. Educación emocional e en valores.	X	X
ET.12 - ET12. Pluridade e respecto polo estado de dereito.	X	X
ET.13 - ET13. Respecto pola diversidade afectivo-sexual.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Esgrima	Clase de esgrima impartida por un club da cidade.	X		
Tenis de mesa	Demostración e actividades de tenis de mesa por un club.	X		
Hockey sobre patíns	Clase de hockey (sen patíns) para a aproximación ao hockey sobre patíns impartida por un club da cidade.	X		

Observacións:

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA, quedando abertas a posibles actividades extraescolares e complementarias que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

A día de hoxe temos previstas, para o 1º trimestre:

- Unha actividade de esgrima para o alumnado de 1º a 4º, que se desenvolverá a última semana do mes de setembro.
- Unha actividade de tenis de mesa para todo o alumnado de primaria, que se desenvolverá a terceira semana de novembro.
- Unha actividade de hockey, para o alumnado de 1º a 4º, que se desenvolverá a penúltima semana do trimestre.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.
Emprego de instrumentos de avaliación variados.
As actividades axústanse ao desenvolvemento dos contidos.
Coherencia de obxectivos planificados e obxectivos conseguidos.
As tarefas propostas adecúanse aos tempos e necesidades do grupo.
Metodoloxía empregada
O contexto de aprendizaxe foi motivador e favoreceu a actividade intelectual e motriz da/o alumna/o.
Utilizáronse diversas metodoloxías, priorizando as activas.
A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Realizouse unha organización adecuada de tempos, grupos e uso do material.
Maximizouse o tempo útil como tempo de práctica motriz.
Medidas de atención á diversidade
O alumnado con NEAE puido seguir as sesións sen dificultade e acadar os criterios.
As actividades contemplan á diversidade do alumnado, especialmente aos de NEAE.
Existiron alternativas nas tarefas para adaptarse ao alumnado.

Clima de traballo na aula
O tipo de explicacións adáptanse ás necesidades e os contidos de cada momento.
O clima socio-afectivo é adecuado entre mestra e alumno/a e grupo.
A motivación é adecuada para a execución das tarefas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo unha comunicación fluída coas familias do alumnado.
Houbo coordinación entre as mestras de EF para buscar unha progresión ao longo da etapa.
Outros
Fomentáronse os elementos transversais.
Tívoise en conta a adquisición das competencias.

Descrición:

No proceso de avaliación, ademais de realizar unha avaliación do alumnado, é preciso tamén facer unha avaliación do profesorado e do propio proceso en si, para iso teranse en conta os indicadores de logro citados anteriormente. A avaliación destes indicadores realizarase de forma obxectiva e revisarase ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, fando especial fincapé da mesma ao rematar cada un dos trimestres. Terase en conta os resultados desta avaliación para poder facer posibles modificacións da programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe realizaremos a avaliación en tres momentos: antes, durante e ao final deste. Antes, a través da avaliación inicial, xa detallada anteriormente e que nos servirá para adecuar a programación ao alumnado, durante, a través da avaliación formativa, na que imos constatando a validez dos obxectivos programados, as dificultades atopadas, as posibles causas dos erros.... e, ao final, mediante a avaliación sumativa, que constitúe unha síntese/balace dos resultados da avaliación formativa.

Estas avaliacións, que terán como finalidade a regulación do proceso de ensino-aprendizaxe e adaptar a programación á realidade do centro. Para levalas a cabo realizaremos rexistros de cada sesión e, a súa vez, cubriremos escalas de valoración que recollan ítems relacionados co proceso de ensino, o proceso de aprendizaxe, o propio proceso avaliativo e a aplicación e revisión da programación.

No caso de detectar algunha dificultade tomaranse as medidas oportunas en canto se observen e modificaranse as cuestións necesarias para optimizar a programación e favorecer un correcto proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais das posibles modificacións que vaian xurdindo ao longo do curso, ao rematar o mesmo realizarase un análise en profundidade onde se levaran a cabo propostas de mellora que serán tidas en conta no vindeiro curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004988	CEIP Eusebio da Guarda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	38
4.2. Materiais e recursos didácticos	39
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	39
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	40
6. Medidas de atención á diversidade	41
7.1. Concreción dos elementos transversais	43
7.2. Actividades complementarias	44
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	45
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	46
9. Outros apartados	50

1. Introducción

Para P. Parlebas en *Pour une Education Physique Structurale*, a Educación Física é unha práctica de intervención que exerce unha influencia sobre as condutas motrices dos participantes en función de normas educativas implícitas ou explícitas. Para comezar queremos deixar constancia de que a nosa pretensión é que a E.F. se constituía como un área global, que ofrezca unha gran cantidade de vivencias ao alumno/a e que estas vivencias lle resulten significativas.

Como formulación xeral, utilizaremos actividades que permitan alcanzar os obxectivos propostos nos diferentes ámbitos de desenvolvemento do ser humano: o motor, equilibrio persoal, cognitivo, relación interpersoal e integración e inserción social. Neste sentido preténdese ofertar unha ampla variedade de actividades ao alumno/a para que aos poucos vaia desaparecendo o concepto de Educación Física referido e limitado a un número escaso e tradicional de actividades, determinadas moitas veces en función de criterios alleos ao alumno/a. Deste xeito aseguráronos de que dispoña dun amplo repertorio de opcións nas cales investir o seu tempo de lecer ou que lle axuden a determinar as súas preferencias á hora de decantarse por un ou outro tipo de deporte ou actividade física.

A Educación Física ben impartida posibilitará que os alumnos/as aprendan a respectar e valorar as normas elementais de convivencia dentro dunha sociedade organizada que acepta e potencia as diferenzas e a colaboración mutua.

Entendemos por programación o proceso de toma de decisións mediante o cal o profesor/a prevé a súa intervención educativa dunha forma deliberada e sistemática (De Pablo, 1992).

A través desta Programación Didáctica, pretendemos desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que perfeccionan e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, profundar no coñecemento da conduta motriz como organización significativa do comportamento humano e asumir actitudes, valores e normas con referencia ao corpo e á conduta motriz.

O CEIP Eusebio da Guarda é un centro público que está no centro da cidade da Coruña próximo a institucións culturais e artísticas, así como a entidades bancarias e comercio en xeral. Está sito na Praza de Pontevedra xunto ao paseo marítimo coas praias do Orzán e Riazaor na súa cara posterior. É de liña 3, e liña 4 en 5º nivel, co cal conta cun total de 700 alumnos/as aproximadamente. O nivel socio económico cultural é moi variado, predominando a clase media e, en menor porcentaxe, a baixa e a alta.

UNIDADES E.I.:18

UNIDADES E.P.:19

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación

Física en 4º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual.

A materia de Educación Física ten como finalidade principal desenvolver nas persoas a súa competencia motriz, entendida como a integración dos coñecementos, os procedementos, as

actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. Para a súa consecución non é suficiente coa mera práctica, senón que é necesario a análise crítica que afiance actitudes, valores referenciados ao corpo, ao movemento e á relación coa contorna.

Deste xeito, o alumnado logrará controlar e dar sentido ás propias accións motrices, comprender os aspectos perceptivos, emotivos e cognitivos relacionados con devanditas accións e xestionar os sentimentos vinculados ás mesmas, ademais de integrar coñecementos e habilidades transversais, como o traballo en equipo, o xogo limpo e o respecto ás normas, entre outras.

Así mesmo, a Educación Física está vinculada á adquisición de competencias relacionadas coa saúde través de accións que axuden á adquisición de hábitos responsables de actividade física regular, e da adopción de actitudes críticas ante prácticas sociais non saudables.

A competencia motriz evoluciona ao longo da vida das persoas e desenvolve a intelixencia para saber que facer, como facelo, cando e con quen en función dos condicionantes da contorna. Entre os procesos implícitos na conduta motriz hai que destacar o percibir, interpretar, analizar, decidir, executar e avaliar os actos motores. Entre os coñecementos máis destacables que se combinan con devanditos procedementos están, ademais dos correspondentes ás diferentes actividades físicas, os relacionados coa corporeidade, co movemento, coa saúde, cos sistemas de mellora das capacidades motrices e cos usos sociais da actividade física, entre outros. E entre as actitudes atópanse as derivadas da valoración e o sentimento, achega das súas propias limitacións e posibilidades, o goce da práctica e a relación cos demais.

As situacións ás que responde unha acción motriz, nun proceso de ensino e aprendizaxe, supoñen establecer contornas de características diferentes nos que a resposta ten, tamén, significados diferentes. Nuns casos trátase de conseguir un rendemento, noutros a ergonomía, a expresividade, e a recreación, entre outros. Neste sentido, a Educación Física debe ofrecer situacións e contextos de aprendizaxe variados; desde os que unicamente trátase de controlar os movementos propios e coñecer mellor as posibilidades persoais, ata outras nas que as accións deben

responder a estímulos externos variados e coordinarse coas actuacións de compañeiros ou adversarios, e nas que as características do medio poden ser cambiantes. A lóxica interna das situacións ou actividades motrices propostas convértese, así, nunha ferramenta imprescindible da programación da materia.

A proposta curricular da Educación Física debe permitir organizar e secuenciar as aprendizaxes que ten que desenvolver o alumnado de Educación Física ao longo do seu paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu momento madurativo do alumnado, a lóxica interna das diversas situacións motrices, e que hai elementos que afectan de xeito transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e as coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	"EMPEZAMOS"	Conxunto de sesións adicadas a valorar o estado inicial do alumnado así como dar a coñecer as normas e regras da clase de E.F.	10	6	X		
2	"COÑECEMOS O NOSO CORPO"	Realizaremos actividades encamiñadas a un mellor coñecemento do corpo, así como actividades para afianzar a lateralidade respecto así mesmos e aos demais.	10	7	X		
3	"ESTAMOS COORDINADOS"		10	6	X		
4	"MOVÉMONOS NO ESPACIO E NO TEMPO"		10	7	X	X	
5	"ESTAMOS EN FORMA"	Conxunto de sesións adicadas a mellora da condición física e a que o alumnado recoñeza os beneficios da actividade física na saúde, así como observar os efectos do esforzo a través do pulso e da respiración.	10	7		X	
6	"DESPRÁZATE E TIRA"	Nesta U.D traballaremos diferentes tipos de desprazamentos variando a entorna, elanzamentos con diferentes móbiles e actividades onde se combinen os desprazamentos cos lanzamentos.	10	8		X	
7	"SALTAMOS A COMBA"	Conxunto de sesións adicadas a realización de diferentes tipos de saltos, entre eles terá especial relevancia o salto con comba.	10	7		X	
8	"DE BOTE A BOTE"	Conxunto de sesións adicadas a progresar no bote con mans alternativas en estático, dinámico e dentro de formas xogadas.	10	8			X
9	"EXPRESÁMONOS E SEGUIMOS O RITMO"	Con esta U.D intentaremos que o alumnado aprecie os recursos expresivos propios e	10	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	"EXPRESÁMONOS E SEGUIMOS O RITMO"	dos demais e sepa interpretalos. Intentaremos tamén que aprendan a adaptar o movemento a situación con requerimentos rítmicos.	10	6			X
10	"XOGOS E DEPORTES DE ONTE"	U.D adicada aos xogos e deportes populares e tradicionais da zona.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	"EMPEZAMOS"	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Respecta as características dos compañeiros rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Valora o esforzo e sabe xestionar as suas emocións ante unha situación motriz adversa.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Mostráse responsable ante a práctica motriz.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Respecta e usa correctamente o material e os espazos de xogo.		
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto , coidado e conservación da contorna.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realiza un quecemento adecuado.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas da clase e as regras dos xogos.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Coopera cos compañeiros e resolve os conflitos de forma dialogada.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Respecta o material e o espazo de xogo.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realiza un quecemento adecuado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións: - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. - Localización no espazo en situacións cooperativas. - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto. - Esquema corporal: - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.

Contidos

- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
2	"COÑECEMOS O NOSO CORPO"	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Respecta as características dos compañeiros rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Valora o esforzo e sabe xestionar as suas emocións ante unha situación motriz adversa.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Respecta e usa correctamente o material e os espazos de xogo.		
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación da contorna.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Discrimina a esquerda e a dereita nos demais.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación da contorna.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Respecta e usa correctamente o material e os espazos de xogo.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación da contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física:
- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.
- Hidratación na práctica da actividade física.
- Educación postural en accións motrices habituais.
- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.
- Saúde social:
- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.
- Límites para evitar unha competitividade desmedida.
- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Esquema corporal:
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Definición da lateralidade.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento. - Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
3	"ESTAMOS COORDINADOS"	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Respecta as características dos compañeiros rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Valora o esforzo e sabe xestionar as suas emocións ante unha situación motriz adversa.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Respecta e usa correctamente o material e os espazos de xogo.		
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto , coidado e conservación da contorna.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Emprega diferentes técnicas de salto en función da actividade.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto , coidado e conservación da contorna.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Coopera cos compañeiros e resolve os conflitos de forma dialogada.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Desprázase de maneira eficaz de diferentes formas,		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Mostra interés na realización do quecemento así como no coidado e uso do material a utilizar.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realiza xiros no eixe transversal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física:
- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Hidratación na práctica da actividade física.
- Educación postural en accións motrices habituais.
- Saúde social:
- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.
- Límites para evitar unha competitividade desmedida.
- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Respetto e aceptación do propio corpo.
- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Esquema corporal:
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable. - Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento. - Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
4	"MOVÉMONOS NO ESPACIO E NO TEMPO"	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Respecta as características dos compañeiros rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Valora o esforzo e sabe xestionar as suas emocións ante unha situación motriz adversa.		
 - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
 - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
 - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
 - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
 - Localización no espazo en situacións cooperativas.
 - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
 - Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Esquema corporal:
 - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
 - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
 - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
 - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
 - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
 - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.
 - Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
 - Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.

Contidos

- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
10	"XOGOS E DEPORTES DE ONTE"	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.		
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Respecta as características dos compañeiros rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Valora o esforzo e sabe xestionar as suas emocións ante unha situación motriz adversa.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.	TI	100
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Respecta e usa correctamente o material e os espazos de xogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Coida o material e as instalacións que se van a utilizar segundo a actividade		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Se inicia nas estratexias básicas de xogo: cooperación, oposición, cooperación-oposición.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación da contorna.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutras procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participa e coñece xogos e deportes populares e tradicionais.		
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Participa e mostra interés na execución de bailes ou coreografías.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Mostra interés na realización do quecemento así como no coidado e uso do material a utilizar.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Mostra interes polo uso de materiais alternativos e polo coidado e conservación da contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións: - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. - Localización no espazo en situacións cooperativas. - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto. - Esquema corporal: - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.

Contidos

- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Entendemos por Metodoloxía o conxunto de procedementos e técnicas relativas á maneira de impartir a ensinanza, é dicir, responde á cuestión cómo ensinar?. A incorporación de competencias básicas no currículo de educación primaria require reconsiderar a práctica educativa. Segundo o Decreto 155/2023 que establece o currículo de educación primaria para a comunidade autónoma de Galicia a metodoloxía xeneral para esta etapa basearase noas seguintes liñas de actuación:

- Partir do nivel inicial de coñecementos e desenvolvemento do alumnado, dos seus intereses e motivacións. A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade.
- Promover aprendizaxes significativas que permitan establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos, que lles sirvan fora do contexto escolar e que lles permita adquisición de novas aprendizaxes, sendo conscientes da utilidades dos mesmos.
- Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (descubrimiento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividade motriz.
- Trataremos de axustar a programación ás características individuais utilizando elementos de tipo organizativos como a complicación/simplificación de regras, agrupacións variadas, roles especiais ou consignas específicas.
- En canto á motivación e tendo en conta que a estas idades o alumnado está motivado de forma intrínseca, trataremos de encauzar e controlar esta activación, sen esquecer as nosas finalidades docentes.
- O perfil prioritario será o perfil lúdico, sen esquecer recurrir a recursos metodolóxicos que faciliten a adquisición de patróns motores básicos que serán o sustento para posteriores aprendizaxes. O xogo é un elemento fundamental dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa.
- Incorporaranse enfoques interdisciplinarios nos que se vinculen os contidos de E.F coas demais áreas da etapa.
- Terase en conta o desenvolvemento das relacións interpersoais, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe ou a transferencia de coñecemento a outros contextos.
- Poñeremos énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten esas dificultades.
- Potenciarase o deseño, elaboración e o uso dunha variedade de materiais e recursos.

Tendo presentes os principios educativos da LOMLOE, propóñense unha serie de principios educativos cuxa significación no ámbito da Educación Física é que mediante a actividade física e as tarefas motrices propostas, posibílemos:

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material convencional: balóns, cordas, colchonetas, pelotas de diferentes tamaños, zancos...
Materiais non convencionais: chapas, botellas de plástico, telas, caixas de cartón...
Material Informático e audiovisual: proxector, ordenador, altosfalantes,, equipo de música.
Instalacións: patio exterior e ximnasio.

É necesario recalcar que a diversidade dos/as alumnos/as obriga a súa vez á diversidade de materiais empregados, buscando sempre a maior adaptación posible ao mesmos. Partindo disto temos que, ao longo desta programación primarán os materias deportivos convencionais, pero non quedará limitada ao mesmo, senón que para aproveitar a potencialidade dos recursos utilizaremos tamén material non convencional, como por exemplo chapas, botellas de plástico, telas... e material de elaboración propia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si aproximado, do grupo clase con respecto a algúns contidos. Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino-aprendizaxe, como o punto de partida dos obxectivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc)

Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grao de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso, que se levará a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- circuito de axilidade.
- xogos de coordinación e equilibrio.
- habilidades básicas: desprazamentos variados, xiros, saltos, lanzamentos..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	0	0	0	0	6	0	0	0	0
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	94	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	1
Táboa de indicadores	99

Criterios de cualificación:

Un dos principais retos aos que se afronta o docente á hora de avaliar é o de intentar alcanzar a maior obxectividade posible, para conseguilo utilizaremos dúas técnicas de avaliación, a observación e a experimentación. Utilizarase a observación como técnica para a obtención de información e dentro dela diferenciaremos entre a

observación directa, constituída polas impresións persoais da mestra de forma máis xeneralizada, e a observación indirecta, onde a información recadada atópase máis estruturada baseada en pautas previamente elaboradas.

En canto a experimentación, basearase na utilización de probas prácticas a nivel procedimental, tests motrices, probas somáticas ou biomecánicas e exercicios e traballos teóricos; o que nos ofrecerá datos concretos e obxectivos.

É importante salientar que en todo o proceso avaliativo terase en conta os aprendizaxes adquiridos en cada un dos ámbitos do desenvolvemento (cognitivo, motor, social e emocional), pero tamén a progresión persoal que se presente ao longo do curso, tendo presentes sempre que o fin da Educación Física é o desenvolvemento integral do alumnado e non o rendemento físico.

Para comprobar a adquisición de criterios teremos como ferramenta fundamental os instrumentos de avaliación, que nos axudarán a realizar un seguimento obxectivo do proceso de ensino-aprendizaxe e a obter os resultados da avaliación.

Neste sentido, partindo das técnicas de observación e experimentación, empregaremos instrumentos de avaliación variados, que nos permitan comparar datos e así favorecer a obxectividade e achegarnos o máis posible á realidade de cada alumna/o.

Dentro da observación directa o recurso principal será o rexistro anecdótico, mentres que na indirecta contarase con unha maior variedade, partindo das rúbricas como instrumento fundamental e completando estas con escalas de valoración e listas de control. Por outra banda, en canto a experimentación, realizaranse probas de execución de determinados contidos, así como buscas de información para a presentación de traballos para outros contidos.

Os datos acadados complementarase coas fichas de seguimento individual (FSI), que recollerán todos os instrumentos de avaliación usados para os criterios e estándares e ademais se complementarán con escalas de valoración máis xerais que nos achegarán datos relacionados con aspectos motrices, actitudinais e comportamentais de cada alumno/a.

Na Educación Primaria establécese que se realizarán tres sesións de avaliación, como mínimo, durante o curso e nestas sesións estableceranse os resultados de avaliación do alumnado empregado para as cualificacións negativas o termos Insuficiente (IN) 1, 2, 3 ou 4; e para as cualificacións positivas os termos Suficiente (SU) 5; Ben (BE) 6; Notable (NT) 7 ou 8; e Sobresaliente (SB) 9 ou 10.

Para establecer estes resultados de avaliación teranse en conta os datos recadados en todo o proceso avaliativo, establecéndose os seguintes criterios de cualificación en función dos niveis nos que nos atopemos:

3º NIVEL

Aspectos relacionados coa competencia motriz: 60%

Aspectos actitudinais e relacionados co cumprimento das normas: 40%

Para finalizar, é necesario indicar que todo o proceso avaliativo será adaptado para aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para adecuarse as súas características e necesidades, podendo modificar tanto os procesos, tempos, criterios ou instrumentos empregados, mentres non afecte o currículo prescricional.

Para finalizar, é necesario indicar que todo o proceso avaliativo será adaptado para aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para adecuarse as súas características e necesidades, podendo modificar tanto os procesos, tempos, criterios ou instrumentos empregados, mentres non afecte o currículo prescricional.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos criterios de avaliación estes quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados

6. Medidas de atención á diversidade

Desde a área de Educación Física teremos previstas diferentes vías de resposta a:

. Alumnado de Integración tardía ao sistema educativo:
Cada vez é maior a integración de alumnos/as estranxeiros na nosa sociedade e por conseguinte cada

vez existen máis inmigrantes nas nosas escolas, polo que imos intentar adaptar a estes alumnos á nosa cultura e sociedade, respectando os seus dereitos. Se houberse algún alumnado destas características, poderíanse desenvolver programas específicos para os/as que presentan graves carencias lingüísticas ou nas súas competencias ou coñecementos básicos, co fin de facilitar a súa integración.

- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais: Adoptaranse as medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades, establecendo a flexibilización nas distintas etapas e niveis. Estes alumnos/as, en Educación Física non adoitan necesitar unha atención directa, porque xeralmente adáptanse ao ritmo de aprendizaxe dos demais.

- Alumnado con N.E.A.E : Ven recollido no D. 229/2011 e O. 8 setembro 2021. Enténdese por alumnado con **necesidade específica de apoio educativo**

as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Para compensar as devanditas dificultades, propóñense as medidas de Atención a Diversidade(MAD), reforzo educativo(modificación dos elementos non prescriptivos do currículo) ou adaptación curricular (modificación dos elementos prescriptivos sendo necesaria a súa autorización por parte da Inspección Educativa) entre outros.

Neste sentido é esencial manter relación co Departamento de Orientación que é un órgano do centro que nos vai

proporcionar asesoramento, apoio e recursos para atender os NEAE.

Destacamos que esta atención ampliárase á DIVERSIDADE do alumnado, centrándose naqueles que poidan ter outro tipo de necesidades como: Situación familiar desfavorable, dificultades de aprendizaxe, desmotivación,... Ao longo das U.D atenderanse propoñendo actividades non discriminatorias, compensatorias, adaptando a metodoloxía, agrupamentos...

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X							
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X				X		
ET.4 - Competencia dixital.					X			
ET.5 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a Paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable.					X			
ET.10 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora.		X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X
ET.4 - Competencia dixital.		X
ET.5 - Fomento da creatividade.	X	X
ET.6 - Emprendemento.	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X
ET.8 - Educación para a Paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable.		X
ET.10 - Educación para a saúde.	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores.	X	X
ET.12 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X
ET.13 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Esgrima	Actividades e xogos para iniciar aos nenos/as na no coñecemento básico de esgrima.	X		

Observacións:

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA, quedando abertas a posibles actividades extraescolares e complementarias que xurdan ao longo do curso. estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel de dificultade adecuado ás características do alumno.
Emprego de instrumentos de avaliación variados.
Coherencia de obxectivos planificados e obxectivos conseguidos.
Metodoloxía empregada
Diversidade de metodoloxías.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades contemplan a diversidade do alumnado especialmente aos de NEAE.
Organización adecuada de tempos, grupos e uso adecuado do material.
Medidas de atención á diversidade
Medidas organizativas e curriculares axeitadas para a atención do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
O contexto de aprendizaxe foi motivador e favoreceu a actividade intelectual e motriz do alumno/a.
O tipo de explicacións adáptanse ás necesidades e os contidos de cada momento.
Outros
Fomento dos elementos transversais.

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando

axustes, se fose preciso. Usaremos os indicadores de logro para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

A avaliación do alumnado realizarémola en tres momentos do proceso de ensino / aprendizaxe : antes, durante e ao final deste.

A avaliación inicial é a que imos realizar ao comezar o curso ou ao comezo de cada unidade didáctica para obter referencias sobre os coñecementos previos do alumnado, e determinar a presenza ou ausencia de determinadas habilidades motoras e así poder adecuar a programación ás necesidades concretas destes.

A avaliación formativa é a que realizamos ao longo do proceso de E-A, e, a través dela, imos constatando a validez dos obxectivos programados, as dificultades

atopadas, as posibles causas dos erros. O principal instrumento será a observación e o rexistro do comportamento dos alumnos ao realizar as tarefas.

A avaliación sumativa realízase ao final e constitúe unha síntese/balance dos resultados da avaliación formativa. Permítenos constatar aquilo que se conseguiu (o nivel alcanzado dos nosos alumnos/ás en canto aos obxectivos formulados) e determinar o que se podería mellorar para un futuro. Realizarémola na última sesión de cada unidade didáctica, ao final de cada curso académico avaliaremos baseándose nuns criterios de avaliación.

A avaliación do alumnado realizarase atendendo aso criterios de rigorosidade e obxectividade. Dependendo dos contidos a avaliar distinguimos entre procedemento de observación e procedemento de experimentación.

A observación, como técnica para a obtención de información para a avaliación, basearase nos principios de planificación, sistematización e confección dunha lista de rexistro. Como procedementos específicos de observación empregaremos:

- Observación directa: constituída pola impresións persoais do profesor respecto a ao alumnado, empregando os rexistros anecdóticos e os diarios.

- Observación indirecta: a información está máis estruturada que no caso anterior xa que se recolle sobre pautas xa elaboradas; os instrumentos que se empregarán son as listas de control e as escalas de valoración.

- Rexistro anecdótico: Consiste en describir comportamentos importantes para a avaliación.

En canto ao procedemento de experimentación, basearase na utilización de probas prácticas a nivel procedimental, test (test de condición física), probas somáticas ou biomecánicas (execución dunha habilidade ou combinación de movementos), índices fisiolóxicos (frecuencia cardíaca), exercicios e traballos teóricos.

Para avaliar e calificar ao alumnado, teranse en conta os aprendizaxe que teñen adquiridos e que desenvolven ao longo do curso. Valorarase o nivel de competencia motriz a través de test de aptitude física e test perceptivo-motrices.

A valoración do traballo do alumnado en clase realizarase mediante a progresión persoal que se presente ao longo de cada unidade didáctica a partir de unha avaliación inicial ou dos resultados que se obtiveron no curso anterior, así coma todas as anotacións das que dispoña o docente sobre o nivel de partida do alumnado con obxectivo de valorar e calificar dita progresión individual. Así mesmo, valoraranse tanto aspectos teóricos e conceptuais (a través de fichas de traballo de contidos ou postas en común ao final das unidades didácticas), coma aspectos relacionados coa forma de participar dos alumnos na clase, o entusiasmo e a persistencia no traballo, aceptación de responsabilidades, adaptación ao grupo e comportamento persoal, cooperación, iniciativa, tolerancia...

Avalíanse todos os elementos que constitúen o proceso de ensino aprendizaxe.

A continuación presentamos as Fichas de Seguimento

Individual (FSI), que propoñemos como instrumento e procedemento de avaliación para cada unha das unidades didácticas. Atendendo a Domingo Blázquez imos utilizar procedementos de observación indirecta de unha maneira planificada, sistemática, o máis completa posible, rexistrable w rexistrada.

Para isto o instrumento que utilizaremos será a FSI, que corresponde a unha escala de clasificación ou puntuación, valorando xuízos sobre a conduta dos nosos alumnos. Así situaremos ao alumnado en relación co grado de desenvolvemento do comportamento ou da característica buscada. É unha escala de avaliación gráfica cualitativa cos seguintes ítems:

ACTITUDINAL:

1. Nunca,
2. Ás veces,
3. Polo xeral.
4. Sempre.

PROCEDIMENTAL:

1. En vías de adquisición.
2. Adquirido
3. Avanzado
4. Excelente

Presentan aspectos moi globais, aínda que unha vez desenvolvidas as unidades didácticas elaboraríanse outras fichas máis concretas para actividades ou sesións determinadas. Así mesmo, en todas as unidades didácticas valoraríamos os seguintes aspectos relacionados con

contidos actitudinais.

ASPECTOS A AVALIAR : 1 2 3 4

1. ACTITUDE:

1.1. Participa e esfórzase nas actividades propostas.

1.2. Mostra interese polos contidos a traballar.

1.3. Respecta e coida tanto o material como as instalacións.

1.4. Respecta as normas e aos compañeiros/ás.

1.5. Pon atención nas explicacións.

Observacións.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004988	CEIP Eusebio da Guarda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	48
4.2. Materiais e recursos didácticos	54
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	54
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	55
6. Medidas de atención á diversidade	58
7.1. Concreción dos elementos transversais	60
7.2. Actividades complementarias	61
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	62
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	63
9. Outros apartados	67

1. Introducción

Para P. Parlebas en *Pour une Education Physique Structurale*, a Educación Física é unha práctica de intervención que exerce unha influencia sobre as condutas motrices dos participantes en función de normas educativas implícitas ou explícitas. Para comezar queremos deixar constancia de que a nosa pretensión é que a E.F. se constitúa como un área global, que ofrezca unha gran cantidade de vivencias ao alumno/a e que estas vivencias lle resulten significativas.

Como formulación xeral, utilizaremos actividades que permitan alcanzar os obxectivos propostos nos diferentes ámbitos de desenvolvemento do ser humano: o motor, equilibrio persoal, cognitivo, relación interpersoal e integración e inserción social. Neste sentido preténdese ofertar unha ampla variedade de actividades ao alumno/a para que aos poucos vaia desaparecendo o concepto de Educación Física referido e limitado a un número escaso e tradicional de actividades, determinadas moitas veces en función de criterios alleos ao alumno/a. Deste xeito aseguraremos de que dispoña dun amplo repertorio de opcións nas cales investir o seu tempo de lecer ou que lle axuden a determinar as súas preferencias á hora de decantarse por un ou outro tipo de deporte ou actividade física.

A Educación Física ben impartida posibilitará que os alumnos/as aprendan a respectar e valorar as normas elementais de convivencia dentro dunha sociedade

organizada que acepta e potencia as diferenzas e a colaboración mutua.

Entendemos por programación o proceso de toma de decisións mediante o cal o profesor/a prevé a súa intervención educativa dunha forma deliberada e sistemática (De Pablo, 1992).

A través desta Programación Didáctica, pretendemos desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que perfeccionan e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, profundar no coñecemento da conduta motriz como organización significativa do comportamento humano e asumir actitudes, valores e normas con referencia ao corpo e á conduta motriz.

O CEIP Eusebio da Guarda é un centro público que está no centro da cidade da Coruña próximo a institucións culturais e artísticas, así como a entidades bancarias e comercio en xeral. Está sito na Praza de Pontevedra xunto ao paseo marítimo coas praias do Orzán e Riazor na súa cara posterior. É de liña 3, e liña 4 en 5º nivel, co cal conta cun total de 700 alumnos/as aproximadamente. O nivel socio económico cultural é moi variado, predominando a clase media e, en menor porcentaxe, a baixa e a alta.

UNIDADES E.I:18

UNIDADES E.P:19

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación

Física en 4º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual.

A materia de Educación Física ten como finalidade principal desenvolver nas persoas a súa competencia motriz, entendida como a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. Para a súa consecución non é suficiente coa mera práctica, senón que é necesario a análise crítica que afiance actitudes, valores referenciados ao corpo, ao movemento e á relación coa contorna. Deste xeito, o alumnado logrará controlar e dar sentido ás propias accións motrices, comprender os aspectos perceptivos, emotivos e cognitivos relacionados con devanditas accións e xestionar os sentimentos vinculados ás mesmas, ademais de integrar coñecementos e habilidades transversais, como o traballo en equipo, o xogo limpo e o respecto ás normas, entre outras. Así mesmo, a Educación Física está vinculada á adquisición de competencias relacionadas coa saúde través de accións que axuden á adquisición de hábitos responsables de actividade física regular, e da adopción de actitudes críticas ante prácticas sociais non saudables. A competencia motriz evoluciona ao longo da vida das persoas e desenvolve a intelixencia para saber que facer, como facelo, cando e con quen en función dos condicionantes da contorna. Entre os procesos implícitos na conduta motriz hai que destacar o percibir, interpretar, analizar, decidir, executar e avaliar os actos motores. Entre os coñecementos máis destacables que se combinan con devanditos procedementos están, ademais dos

correspondentes ás diferentes actividades físicas, os relacionados coa corporeidade, co movemento, coa saúde, cos sistemas de mellora das capacidades motrices e cos usos sociais da actividade física, entre outros. E entre as actitudes atópanse as derivadas da valoración e o sentimento, achega das súas propias limitacións e posibilidades, o goce da práctica e a relación cos demais. As situacións ás que responde unha acción motriz, nun proceso de ensino e aprendizaxe, supoñen establecer contornas de características diferentes nos que a resposta ten, tamén, significados diferentes. Nuns casos trátase de conseguir un rendemento, noutros a ergonomía, a expresividade, e a recreación, entre outros. Neste sentido, a Educación Física debe ofrecer situacións e contextos de aprendizaxe variados; desde os que unicamente trátase de controlar os movementos propios e coñecer mellor as posibilidades persoais, ata outras nas que as accións deben responder a estímulos externos variados e coordinarse coas actuacións de compañeiros ou adversarios, e nas que as características do medio poden ser cambiantes. A lóxica interna das situacións ou actividades motrices propostas convértese, así, nunha ferramenta imprescindible da programación da materia. A proposta curricular da Educación Física debe permitir organizar e secuenciar as aprendizaxes que ten que desenvolver o alumnado de Educación Física ao longo do seu paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu momento madurativo do alumnado, a lóxica interna das diversas situacións motrices, e que hai elementos que

afectan de xeito transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e as coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	"EMPEZAMOS DE NOVO"	Sesións adicadas a valorar o estado inicial do alumno a así como a dar a coñecer as normas e regras da clase de E.F	10	6	X		
2	"COÑECEMOS O NOSO CORPO II"	Actividades encamiñadas a un mellor coñecemento do corpo, así como para afianzar a lateralidade reespecto aos demais e no espacio.	10	7	X		
3	"ESTAMOS COORDINADOS II"	Actividades e xogos para traballar e mellorar a coordinación conxunta de todas as partes do corpo.	10	6	X		
4	"MOVÉMONOS NO ESPACIO E NO TEMPO II"	Unidade encamiñada a un mellor coñecemnto do espacio e tempo de acción que lles permita mellorar a capacidade para seleccionar e analizar información permitíndolle tomar decisións correctas en canto ao espacio e tempo de acción.	10	7	X		
5	"ESTAMOS EN FORMA II"	Sesións adicadas a mellora da condición física e a que o alumnado reoñeza os beneficios da actividade físicaos efectos do esforzo a través do pulso e a respiración. na saúde, así como observar	10	7		X	
6	"DESPRÁZATE E TIRA II"	Traballaremos diferentes tipos de desprazamentos variando a contorna, lanzamentos con diferentes móbiles e actividades onde se combinen os desprazamentos cos lanzamento.	10	8		X	
7	"SALTAMOS A COMBA II"	Unidade didáctica adicada a realización de diferentes tipos de saltos-e combinacións-entre os que terá especial relevancia o salto con comba.	10	7		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	"DE BOTE A BOTE II"	Conxunto de sesións adicadas a progresar no bote coa man non dominante , en posición tanto estática como dinámica.	10	8			X
9	"EXPRESÁMONOS E SEGUIMOS O RITMO II"	Actividades encaminadas a que o alumno/a utilice os recursos corporais como medio de expresión, comunicación e representación, así como adaptación corporal a diferentes ritmos.	10	6			X
10	"XOGOS E DEPORTES DE ONTE II"	Unidade didáctica adicada aos xogos e deportes populares e tradicionais da zona.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	"EMPEZAMOS DE NOVO"	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Respecta as características dos compañeiros rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Valora o esforzo e sabe xestionar as suas emocións ante unha situación motriz adversa.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Cumpre cos hábitos e rutinas de hixiene.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Mostra interese na realización do quecemento sí como no coidado e uso do material a utilizar.		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Respecta as características dos compañeiros rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas da clase e as regras dos xogos.		
CA2.7 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.		
CA2.8 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación da contorna.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación da contorna.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Valora o esforzo e sabe xestionar as suas emocións ante unha situación motriz adversa.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respecta as normas da clase e as regras dos xogos.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos e adquire un progresivo dominio corporal.		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Axuda aos compañeiros e coopera con eles.		
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes deportes desterrando condutas contrarias ás normas de convivencia.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Coñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Mostra interese na realización do quecemento sí como no coidado e uso do material a utilizar.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participa en situacións de comunicación corporal relacionadas coa nosa cultura e con outras, valorando a súa importancia.		
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes deportes desterrando condutas contrarias ás normas de convivencia.		
CA5.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce coreografías individuais e grupais .		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece algún dos beneficios que supón a realización de actividade física.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Mostra interese na realización do quecemento sí como no coidado e uso do material a utilizar.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Utiliza correctamente as diferentes partes do corpo en distintos movementos e adquire un progresivo dominio corporal.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Participa de forma segura adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación da contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións:

Contidos

- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal.
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Concepto de deportividade.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Entendemos por Metodoloxía o conxunto de procedementos e técnicas relativas á maneira de impartir a ensinanza, é dicir, responde á cuestión cómo ensinar?. A incorporación de competencias básicas no currículo de educación primaria require reconsiderar a práctica

educativa. Segundo o Decreto 155/2023 que establece o currículo de educación primaria para a comunidade autónoma de Galicia a metodoloxía xeneral para esta etapa basearase noas seguintes liñas de actuación:

- Partir do nivel inicial de coñecementos e desenvolvemento do alumnado, dos seus intereses e motivacións. A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade.

- Promover aprendizaxes significativas que permitan establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos, que lles sirvan fora do contexto escolar e que lles permita adquisición de novas aprendizaxes, sendo conscientes da utilidades dos mesmos.

- Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (descubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividade motriz.

- Trataremos de axustar a programación ás características individuais utilizando elementos de tipo organizativos como a complicación/simplificación de regras, agrupacións variadas, roles especiais ou consignas específicas.

- En canto á motivación e tendo en conta que a estas

idades o alumnado está motivado de forma intrínseca, trataremos de encauzar e controlar esta activación, sen esquecer as nosas finalidades docentes.

. O perfil prioritario será o perfil lúdico, sen esquecer recurrir a recursos metodolóxicos que faciliten a adquisición de patróns motores básicos que serán o sustento para posteriores aprendizaxes. O xogo é un elemento fundamental dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa.

- Incorporaranse enfoques interdisciplinarios nos que se vinculen os contidos de E.F coas demais áreas da etapa.
- Terase en conta o desenvolvemento das relacións interpersoais, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe ou a transferencia de coñecemento a outros contextos.
- Poñeremos énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten esas dificultades.
- Potenciarase o deseño, elaboración e o uso dunha variedade de materiais e recursos.

Tendo presentes os principios educativos da LOMLOE, propóñense unha serie de principios educativos cuxa significación no ámbito da Educación Física é que mediante a actividade física e as tarefas motrices propostas, posibilitemos:

. Unha maior autonomía dos alumnos, de forma que aprendan por si mesmos.

. A creatividade a partir de que o alumno adapte as respostas motrices en función das diferentes situacións presentadas, evitando así respostas automatizadas e estandarizadas.

. O interese dos alumnos pola propia actividade, de maneira que poidan satisfacer as súas expectativas e necesidades.

. A individualización, expoñendo actividades e tarefas motrices adecuadas ás diferenzas corporais e psicolóxicas,

ás capacidades físicas, experiencias previas, que poidan influír no nivel e ritmo de aprendizaxe.

- A socialización, tendo en conta que o movemento humano é un dos medios de relación máis natural que posúe o ser humano, a través do xogo podemos contribuír ao desenvolvemento de condutas socio- motrices (integración, cooperación, asumir roles)

De forma xeneral, en educación primaria necesítanse métodos que permitan aprender desde a realidade e as concepcións previas, mostrando curiosidade e interese desde a diversidade; métodos que favorezan un traballo conxunto e cooperativo, que o alumnado progrese ao seu propio ritmo e alcance, pouco a pouco, maior autonomía, posibilitando a comunicación e sendo protagonista dos seus aprendizaxes.

Os estilos de ensinanza son a forma que adoptan as relación didácticas entre elementos persoais do proceso educativo; tanto a nivel técnico e comunicativo, coma de organización da

clase, relacións afectivas. Na programación aparecen, en función das necesidades, estilos de ensinanza tradicional (mando directo e asignación de tarefas), así coma estilos de ensinanza

participativos (ensinanza recíproca, grupos de ensinanza e microensinanza). Así mesmo e adaptándonos ao marco actual que prima importancia á contribución e logro das competencias básicas, faremos especial fincapé en estilos que atravesan a barreira cognitiva (descubrimento guiado e resolución de problemas) que fomentan unha técnica de

ensinanza mediante a busca.

Hai unha serie de diferenzas entre a situación de aprendizaxe en EF e o resto de áreas do coñecemento: o alumno/a e o profesor/a mostra o seu nivel de aptitude e competencia constantemente, o desenvolvemento de actividades supón amplos problemas de organización, posibilidade inmediata de comparación entre os resultados dos alumnos/as, rómpese a barreira do contacto físico profesor/a -alumno/a etc.

Na área de Educación Física, O XOGO non é unicamente un contido senón que tamén é o principal recurso metodolóxico, moi indicado para alcanzar os obxectivos dunha forma lúdica e pracenteira. O Decreto 130/2007 contempla o xogo coma a fórmula ideal de traballo polo seu carácter multidisciplinar. Cagigal (1996) defíneo como unha actividade libre, espontánea, desinteresada e intrascendente, que xurde da vida habitual, efectúase nunha limitación espacial e temporal, conforme a unhas determinadas regras, establecidas ou improvisadas.

O valor educativo do xogo en todo este período é indiscutible, pois serve ao desenvolvemento motriz, social, cognoscitivo, simbólico, afectivo e moral do neno.

Empregaremos unha forma de ensinar flexible, activa-participativa, indutiva, creativa, progresiva, motivadora e que favoreza a transferencia de aprendizaxes. Independentemente do método que utilizemos, temos que diferenciar o tipo de actividades a desenvolver:

- Actividades de diagnóstico, co fin de coñecer o punto de partida, o nivel inicial. (Primeira sesión das unidades

didácticas, que tamén denominamos Avaliación Inicial).

- Actividades de introdución- motivación: durante a fase de animación para que o alumnado chegue motivado ao contido, ou no inicio das unidades coa mesma finalidade.

- Actividades de desenvolvemento de contidos, coas que buscamos o logro dos obxectivos (parte principal da sesión, na maioría dos casos).

- Actividades a través de fichas para a adquisición de contidos propios da área de Educación Física.

- Actividades de reforzo, ampliación, consolidación...etc, segundo vaian os resultados.

- Actividades de avaliación coas que confirmamos o logro dos obxectivos.

En canto á organización do grupo, existen unha serie de rutinas, coas que facilitamos a organización da clase e contribuimos de novo a ese aforro de tempo; debemos economizar ao máximo o tempo de clase que temos, evitando perdas de tempo e que este sexa de actividade ou tempo útil.

Empregaremos tamén o chamado "Recuncho da información" onde iniciaremos (fase de información) e acabaremos (fase de análise dos resultados) a sesión. Será un bo momento para realizar unha reflexión compartida, feito que facilita o aprendizaxe significativo do alumnado ao mesmo tempo axuda a tomar maior conciencia do traballo e actuación durante as sesións.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material convencional: balóns, cordas, colchonetas ,pelotas de diferentes tamaños, zancos, aros...
Material non convencional: chapas, botellas de plástico, telas, caixas de cartón...
Material informático e audiovisual: proxector, ordenador, altofalantes, equipo de música...
Instalacións: patio exterior, ximnasio, parque infantil do Concello.

É necesario recalcar que a diversidade dos/as alumnos/as obriga a súa vez á diversidade de materiais empregados, buscando sempre a maior adaptación posible ao mesmos. Partindo disto temos que, ao longo desta programación primarán os materias deportivos convencionais, pero non quedará limitada ao mesmo, senón que para aproveitar a potencialidade dos recursos utilizaremos tamén material non convencional, como por exemplo chapas, botellas de plástico, telas... e material de elaboración propia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si aproximado, do grupo clase con respecto a algúns contidos. Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino-aprendizaxe, como o punto de partida dos obxectivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc)

Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grao de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso, que se levará a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- circuito de axilidade.
- xogos de coordinación e equilibrio.
- habilidades básicas: desprazamentos variados, xiros, saltos, lanzamentos..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	0	0	0	0	0	5	0	0	0
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	95	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	0
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

Un dos principais retos aos que se afronta o docente á

hora de avaliar é o de intentar alcanzar a maior obxectividade posible, para conseguilo utilizaremos dúas técnicas de avaliación, a observación e a experimentación. Utilizarase a observación como técnica para a obtención de información e dentro dela diferenciaremos entre a observación directa, constituída polas impresións persoais da mestra de forma máis xeneralizada, e a observación indirecta, onde a información recadada atópase máis estruturada baseada en pautas previamente elaboradas.

En canto a experimentación, basearase na utilización de probas prácticas a nivel procedimental, tests motrices, probas somáticas ou biomecánicas e exercicios e traballos teóricos; o que nos ofrecerá datos concretos e obxectivos.

É importante salientar que en todo o proceso avaliativo terase en conta os aprendizaxes adquiridos en cada un dos ámbitos do desenvolvemento (cognitivo, motor, social e emocional), pero tamén a progresión persoal que se presente ao longo do curso, tendo presentes sempre que o fin da Educación Física é o desenvolvemento integral do alumnado e non o rendemento físico.

Para comprobar a adquisición de criterios teremos como ferramenta fundamental os instrumentos de avaliación, que nos axudarán a realizar un seguimento obxectivo do proceso de ensino-aprendizaxe e a obter os resultados da avaliación.

Neste sentido, partindo das técnicas de observación e experimentación, empregaremos instrumentos de avaliación variados, que nos permitan comparar datos e así favorecer a obxectividade e achegarnos o máis posible

á realidade de cada alumna/o.

Dentro da observación directa o recurso principal será o rexistro anecdótico, mentres que na indirecta contarase con unha maior variedade, partindo das rúbricas como instrumento fundamental e completando estas con escalas de valoración e listas de control. Por outra banda, en canto a experimentación, realizaranse probas de execución de determinados contidos, así como buscas de información para a presentación de traballos para outros contidos.

Os datos acadados complementarase coas fichas de seguimento individual (FSI), que recollerán todos os instrumentos de avaliación usados para os criterios e estándares e ademais se complementarán con escalas de valoración máis xerais que nos achegarán datos relacionados con aspectos motrices, actitudinais e comportamentais de cada alumno/a.

Na Educación Primaria establécese que se realizarán tres sesións de avaliación, como mínimo, durante o curso e nestas sesións estableceranse os resultados de avaliación do alumnado empregado para as cualificacións negativas o termos Insuficiente (IN) 1, 2, 3 ou 4; e para as cualificacións positivas os termos Suficiente (SU) 5: Ben (BE) 6; Notable (NT) 7 ou 8; e Sobresaliente (SB) 9 ou 10.

Para establecer estes resultados de avaliación teranse en conta os datos recadados en todo o proceso avaliativo, establecéndose os seguintes criterios de cualificación en función dos niveis nos que nos atopemos:

4º NIVEL

Aspectos relacionados coa competencia motriz: 60%

Aspectos actitudinales e relacionados co cumprimento das normas: 40%

Para finalizar, é necesario indicar que todo o proceso avaliativo será adaptado para aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para adecuarse as súas características e necesidades, podendo modificar tanto os procesos, tempos, criterios ou instrumentos empregados, mentres non afecte o currículo prescritivo.

Para finalizar, é necesario indicar que todo o proceso avaliativo será adaptado para aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para adecuarse as súas características e necesidades, podendo modificar tanto os procesos, tempos, criterios ou instrumentos empregados, mentres non afecte o currículo prescritivo.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non supere o grao de consecución mínima dos criterios de avaliación estes quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

6. Medidas de atención á diversidade

Desde a área de Educación Física teremos previstas diferentes vías de resposta a:

- Alumnado de Integración tardía ao sistema educativo: Cada vez é maior a integración de alumnos/as estranxeiros na nosa sociedade e por conseguinte cada vez existen máis inmigrantes nas nosas escolas, polo que

imos intentar adaptar a estes alumnos á nosa cultura e sociedade, respectando os seus dereitos. Se houberse algún alumnado destas características, poderíanse desenvolver programas específicos para os/as que presentan graves carencias lingüísticas ou nas súas competencias ou coñecementos básicos, co fin de facilitar a súa integración.

- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais: Adoptaranse as medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades, establecendo a flexibilización nas distintas etapas e niveis. Estes alumnos/as, en Educación Física non adoitan necesitar unha atención directa, porque xeralmente adáptanse ao ritmo de aprendizaxe dos demais.

- Alumnado con N.E.A.E : Vén recollido no D. 229/2011 e O. 8 setembro 2021.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Para compensar as devanditas dificultades,

propóñense as medidas de Atención a Diversidade (MAD), reforzo educativo (modificación dos elementos non prescriptivos do currículo) ou adaptación curricular (modificación dos elementos prescriptivos sendo necesaria a súa autorización por parte da Inspección Educativa) entre outros.

Neste sentido é esencial manter relación co Departamento de Orientación que é un órgano do centro que nos vai proporcionar asesoramento, apoio e recursos para atender os NEAE.

Destacamos que esta atención ampliarase á DIVERSIDADE do alumnado, centrándose naqueles que poidan ter outro

tipo de necesidades como: Situación familiar desfavorable, dificultades de aprendizaxe, desmotivación,... Ao longo das U.D atenderanse propoñendo actividades non discriminatorias, compensatorias, adaptando a metodoloxía, agrupamentos...

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X							
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X				X		
ET.4 - Competencia dixital.					X			
ET.5 - fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable.					X			
ET.10 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora.		X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X

	UD 9	UD 10
ET.3 - Comunicación audiovisual.		
ET.4 - Competencia dixital.		
ET.5 - fomento da creatividade.	X	X
ET.6 - Emprendemento.	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable.		
ET.10 - Educación para a saúde.	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores.	X	X
ET.12 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X
ET.13 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Esgrima	Actividades e xogos para iniciar aos nenos/as na no coñecemento básico de esgrima.	X		

Observacións:

Ao longo do curso levaranse a cabo actividades complementarias aprobadas na PXA, quedando abertas a posibles actividades extraescolares e complementarias que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.
Emprego de instrumentos de avaliación variados.
Coherencia de obxectivos planificados e obxectivos conseguidos
Metodoloxía empregada
Diversidade de metodoloxías
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades contemplan á diversidade do alumnado, especialmente aos de NEAE
Organización adecuada de tempos, grupos e uso adecuado do material.
Medidas de atención á diversidade
Medidas organizativas e curriculares axeitadas para a atención do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
O contexto de aprendizaxe foi motivador e favoreceu a actividade intelectual e motriz do alumno.
O tipo de explicacións adáptanse ás necesidades e os contidos de cada momento.
Outros
Fomento dos elementos transversais.

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Usaremos os indicadores de logro para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices

programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo,

atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

A avaliación do alumnado realizarémola en tres momentos do proceso de ensino / aprendizaxe : antes, durante e ao final deste.

A avaliación inicial é a que imos realizar ao comezar o curso ou ao comezo de cada unidade didáctica para obter referencias sobre os coñecementos previos do alumnado, e determinar a presenza ou ausencia de determinadas habilidades motoras e así poder adecuar a programación ás necesidades concretas destes.

A avaliación formativa é a que realizamos ao longo do proceso de E-A, e, a través dela, imos constatando a validez dos obxectivos programados, as dificultades atopadas, as posibles causas dos erros. O principal instrumento será a observación e o rexistro do comportamento dos alumnos ao realizar as tarefas.

A avaliación sumativa realízase ao final e constitúe unha síntese/balance dos resultados da avaliación formativa. Permítenos constatar aquilo que se conseguiu (o nivel alcanzado dos nosos alumnos/ás en canto aos obxectivos

formulados) e determinar o que se podería mellorar para un futuro. Realizáremola na última sesión de cada unidade didáctica, ao final de cada curso académico avaliaremos baseándose nuns criterios de avaliación.

A avaliación do alumnado realizarase atendendo aos criterios de rigorosidade e obxectividade. Dependendo dos contidos a avaliar distinguimos entre procedemento de observación e procedemento de experimentación.

A observación, como técnica para a obtención de información para a avaliación, basearase nos principios de planificación, sistematización e confección dunha lista de rexistro. Como procedementos específicos de observación empregaremos:

- Observación directa: constituída pola impresións persoais do profesor respecto a ao alumnado, empregando os rexistros anecdóticos e os diarios.

- Observación indirecta: a información está máis estruturada que no caso anterior xa que se recolle sobre pautas xa elaboradas; os instrumentos que se empregarán son as listas de control e as escalas de valoración.

- Rexistro anecdótico: Consiste en describir comportamentos importantes para a avaliación.

En canto ao procedemento de experimentación, basearase na utilización de probas prácticas a nivel procedimental, test (test de condición física), probas somáticas ou biomecánicas (execución dunha habilidade ou combinación de movementos), índices fisiolóxicos (frecuencia cardíaca), exercicios e traballos teóricos.

Para avaliar e calificar ao alumnado, teranse en conta os

aprendizaxe que teñen adquiridos e que desenvolven ao longo do curso. Valorarase o nivel de competencia motriz a través de test de aptitude física e test perceptivo-motrices.

A valoración do traballo do alumnado en clase realizarase mediante a progresión persoal que se presente ao longo de cada unidade didáctica a partir de unha avaliación inicial ou dos resultados que se obtiveron no curso anterior, así coma todas as anotacións das que dispoña o docente sobre o nivel de partida do alumnado con obxectivo de valorar e calificar dita progresión individual. Así mesmo, valoraranse tanto aspectos teóricos e conceptuais (a través de fichas de traballo de contidos ou postas en común ao final das unidades didácticas), coma aspectos relacionados coa forma de participar dos alumnos na clase, o entusiasmo e a persistencia no traballo, aceptación de responsabilidades, adaptación ao grupo e comportamento persoal, cooperación, iniciativa, tolerancia...

Avalíanse todos os elementos que constitúen o proceso de ensino aprendizaxe.

A continuación presentamos as Fichas de Seguimento Individual (FSI), que propoñemos como instrumento e procedemento de avaliación para cada unha das unidades didácticas. Atendendo a Domingo Blázquez imos utilizar procedementos de observación indirecta de unha maneira planificada, sistemática, o máis completa posible, rexistrable w rexistrada.

Para isto o instrumento que utilizaremos será a FSI, que

corresponde a unha escala de clasificación ou puntuación, valorando xuízos sobre a conduta dos nosos alumnos. Así situaremos ao alumnado en relación co grado de desenvolvemento do comportamento ou da característica buscada. É unha escala de avaliación gráfica cualitativa cos seguintes ítems:

ACTITUDINAL:

1. Nunca,
2. Ás veces,
3. Polo xeral.
4. Sempre.

PROCEDIMENTAL:

1. En vías de adquisición.
2. Adquirido
3. Avanzado
4. Excelente

Presentan aspectos moi globais, aínda que unha vez desenvolvidas as unidades didácticas elaboraríanse outras fichas máis concretas para actividades ou sesións determinadas. Así mesmo, en todas as unidades didácticas valoraríamos os seguintes aspectos relacionados con contidos actitudinais.

ASPECTOS A AVALIAR : 1 2 3 4

1. ACTITUDE:

- 1.1. Participa e esfórzase nas actividades propostas.
- 1.2. Mostra interese polos contidos a traballar.
- 1.3. Respecta e coida tanto o material como as instalacións.

1.4. Respecta as normas e aos compañeiros/ás.

1.5. Pon atención nas explicacións.

Observacións.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004988	CEIP Eusebio da Guarda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	5º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

Borrador

1. Introducción

A área de Educación Física, na Educación Primaria, debe constituírse como unha área global, que ofrezca unha gran variedade de vivencias significativas ao alumnado e que se fundamente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida.

A Educación Física non debe entenderse como unha simple aprendizaxe de movementos, senón como un camiño cara a educación total, polo que fomentárase a través da mesma o a integración dos diferentes ámbitos do desenvolvemento do ser humano: cognitivo, motor, social e emocional. Defendemos polo tanto, unha perspectiva que non se restrinja ao adestramento corporal, senón que busque presentarlle ao alumnado unha gran variedade de experiencias motrices, que permitan a adquisición de capacidades e habilidades, pero tamén a inclusión de valores sociais e individuais, hábitos saudables e educación para o ocio.

Tendo como piares básicos estas premisas esta programación levarase a cabo no CEIP Eusebio da Guarda, un centro público que se sitúa no centro da cidade da Coruña, próximo a institucións culturais e artísticas, así como a entidades bancarias e comercio en xeral. Está situado na Praza de Pontevedra, xunto ao paseo marítimo, coas praias do Orzán e Riazor na súa cara posterior. É de liña 3, con excepción do 4º nivel da Educación Primaria, que conta con liña 4; co cal conta cun total de 700 alumnos/as aproximadamente. O nivel socio económico cultural é moi variado, predominando a clase media e, en menor porcentaxe, a baixa e a alta.

Por último, dicir que esta programación está encadrada no terceiro nivel de concreción curricular; por enriba dela atópase o Proxecto Curricular de Centro (PCC) (2º nivel de concreción curricular) e o Decreto 155/2022, do 15 de setembro (DOG 26/09/2022) polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (1º nivel de concreción curricular).

Partindo desta organización vertical, cabe salientar que a proposta curricular da Educación Física debe permitir organizar e secuenciar as aprendizaxes que ten que desenvolver o alumnado ao longo do seu paso polo sistema educativo, tendo en conta o momento madurativo do alumnado, a lóxica interna das diversas situacións motrices e os elementos que afectan de xeito transversal a todos os ámbitos do proceso de ensino-aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ARRINCAMOS	Presentamos esta unidade didáctica de comezo de curso para introducir de maneira progresiva ao alumnado dentro da programación da nosa área. O plantexamento basearase no referente ás estruturas das unidade didácticas de curso anteriores e tamén a modo de recordatorio de normas de convivencia e comportamento, material de aula, hábitos de hixiene e saúde. Incidiremos en todos estes aspectos de maneira lúdica a través de xogos de presentación, cooperación-oposición e de colaboración en grupo	10	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	RUTINAS DE QUECEMENTO E PRIMEIROS AUXILIOS	O obxectivo principal desta unidade didáctica é que o alumnado comprenda a importancia do quecemento e os recursos básicos para realizalo de maneira autónoma. De pequenos teñen a flexibilidade suficiente para afrontar as actividades deportivas con menor risco de lesións, pero a medida que imos medrando este risco aumenta se non realizamos un quecemento previo axeitado á actividade que faremos a posteriori. Mediante xogos e actividades dirixidas e guiadas alcanzarán a autonomía para facer o seu propio quecemento básico. Asimesmo traballaremos a través dunha "gimcana" os primeiros auxilios básicos adaptados para o nivel no que non encontramos.	10	6	X		
3	HABILIDADES DE SALTO: COMBAS	O traballo con combas presenta multitude de razóns para ser un contido educativo idóneo para traballar nos centros educativos: implica un material accesible e presente en todos os centros, desdibuxa os tintes de xénero asociados a este contido xa que todo o alumnado desfruta enormemente desta actividade, é un contido divertido e motivante para o alumnado, que mostra una gran implicación e ademais incide moi positivamente na mellora da condición física, saúde ósea e capacidades coordinativas do alumnado que o practica se se realiza da maneira correcta	10	8	X		
4	HABILIDADES XIMNÁSTICAS E ACROSPORT	Coa presente unidade didáctica preténdese achegar ao alumnado ás actividades ximnásticas e acrobáticas básicas (equilibrios, xiros) e á modalidade de acrosport. O concepto de actividades ximnásticas engloba un sen fin de movementos globais no espazo, normalmente caracterizados pola súa estética, harmonía e acompañamento musical, que implican o dominio do corpo e do espazo. Consideramos que son unha ferramenta interesante dentro do ámbito educativo, xa que é unha actividade motivadora que permite traballar valores e actitudes como a identidade de grupo, a participación, a colaboración, a confianza, etc. Tamén abarca outros contidos máis específicos, como son as capacidades físicas básicas, o ritmo e a expresión corporal. Ademais permite adaptar as actividades ao nivel do alumnado.	10	10	X		
5	XOGOS E DEPORTES COLECTIVOS	Traballaremos un deporte colectivo no que as aprendizaxes iniciais sexan asequibles e	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	XOGOS E DEPORTES COLECTIVOS	cunha motivación intrínseca de modo que todo o alumnado se sinta participe do seu proceso de ensino- aprendizaxe.	10	8		X	
6	OS CATRO FANTÁSTICOS	Na presente unidade didáctica faremos un plantexamento da condición física e o traballo das capacidades físicas básicas no que o alumnado sexa consciente da propia progresión e evolución. Presentaremos probas de carácter motivador na que se darán a coñecer as súas capacidades e límites aprendendo a dosificar o propio esforzo dunha maneira productiva.	10	8		X	
7	XOGOS DO MUNDO E PREDEPORTE ALTERNATIVO	Nesta unidade didáctica combinaremos un predeporte novidoso e diferente coa transmisión de xogos e danzas de diferentes culturas, facendo incidencia na cultura galega.	10	8		X	
8	EXPRESIÓN E RITMO	A través desta unidade didáctica porase de manifesto as habilidades expresivas e rítmicas, tanto a nivel individual como grupal, facendo fincapé na creatividade, respecto e tolerancia cara un mesmo e os que nos rodean. Tamén indtroduciremos bailes tradicionais da nosa cultura.	10	8			X
9	PREDEPORTE COLECTIVO ADAPTADO	A inserción social, coñecemento e consciencia da diversidade será o fío central desta unidade didáctica na que nos poñeremos no lugar dos demais e teremos que colaborar de maneira conxunta para o logro dos obxectivos.	10	4			X
10	COOPERANDO NO ESPAZO E NO TEMPO	Os xogos cooperativos dentro de diferentes entornos favoreces a relación sá e respectuosa entre os membros dunha comunidade. A traves de actividades en rodas, orientación, paracaídas... traballaremos a colaboración entre o grupo e, de ser o caso, con grupos doutras idades e/ou doutros centros.	10	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ARRINCAMOS	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Mostrar unha actitude respectuosa de cara a sí mesmo con respecto á actividade física.		
CA1.3 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Ser conciente e consecuente das condutas negativas mostrando actitudes de rexeitamento cara a discriminación de calqueira tipo.		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Amosar unha motricidade global e específica acorde coa característica de cada actividade e en consonancia coa estrutura espazo-temporal.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Valorar a actividade física como un aspecto positivo na integración do día a día.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Analizar, valorar e ter consciencia das actitudes e emocións que vivenciamos antes, durante e despois da práctica.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Amosar unha motricidade global e específica acorde coa característica de cada actividade e en consonancia coa estrutura espazo-temporal.	TI	100
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Ser conciente e consecuente das condutas negativas mostrando actitudes de rexeitamento cara a discriminación de calqueira tipo.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Analizar, valorar e ter consciencia das actitudes e emocións que vivenciamos antes, durante e despois da práctica.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas de convivencia durante as sesións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Analizar, valorar e ter consciencia das actitudes e emocións que vivenciamos antes, durante e despois da práctica.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Valorar a actividade física como un aspecto positivo na integración do día a día.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Responsabilidade persoal no coidado do corpo. - Saúde social: - Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo. - Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física. - Deporte profesional: dimensión social. - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Consolidación e axuste realista do autoconcepto tendo en conta a perspectiva de xénero. - Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Toma de decisións: - Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Concepto de fairplay ou λxogo limpoz. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas. - Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
2	RUTINAS DE QUECEMENTO E PRIMEIROS AUXILIOS	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
